CONCELLO DE VIGO

# MEMORIA BIANUAL DE TRANSPARENCIA E BO GOBERNO 2021-2022



Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

# Índice


Introdución....................3
Antecedentes....................5
PUBLICIDADE ACTIVA....................5
1.1 Ampliación contidos publicados....................7
1.2 Resolucións xudiciais....................9
1.3 Análise de resultados....................10
2. PUBLICIDADE PASIVA....................23
2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2021-2022....................24
2.2 Datos estatísticos....................25
3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE....................27
3.1 Boas prácticas....................27
3.2 Plan de integridade na contratación....................30
3.3 Plan de medidas Antifraude....................33
4. CONCLUSIÓNS....................35

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

## Introdución

A Lei 2/2016, en concreto, recolle no artigo 66 –Título VI Goberno Aberto. Transparencia, datos abertos e participación cidadá– a obrigación de publicar no primeiro trimestre do ano natural o informe sobre o "seguimento do grao de cumprimento da transparencia e do acceso á información pública".

Este documento ten por obxecto analizar e expoñer, como mínimo, o grao de cumprimento das obrigacións de publicidade activa por parte do Concello, os contidos máis consultados do portal de transparencia, así como toda aquela información sobre o exercicio do dereito de acceso á información pública durante as anualidades 2023 e 2022.

Trala aprobación da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, o concello de Vigo intensificou a implantación e desenvolvemento das políticas públicas en materia de transparencia e integridade. O reforzo realizado nestes aspectos proporcionou excelentes resultados á administración municipal, resultados que quedaron patentes nas sucesivas avaliacións efectuadas por *Transparencia Internacional España* e no *Índice de Transparencia de Ayuntamientos (ITA).*

No seu compromiso coa execución das políticas públicas no ámbito da transparencia e o bo goberno, o Concello de Vigo deu un paso decidido coa súa integración como Socio Titular, mediante acordo plenario de data 30 de marzo de 2015, na "Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana" da Federación Española de Municipios y Provincias, de acordo co disposto no artigo 8 das Normas de Funcionamento e Organización da mesma e cumprir os seus fins estatutarios e co acordo do Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de novembro de 2015 de adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP.

No marco do desenvolvemento dos estándares de conduta e de mellora continua, foron poñéndose en práctica distintas iniciativas para acadar una maior transparencia na xestión e na rendición de contas, establecendo unha intensidade superior en relación coas esixencias derivadas dos indicadores legalmente establecidos.

Nesta memoria compílanse e avalíanse os traballos na materia, en torno aos seguintes eixos:

• No primeiro punto "**1. Publicidade Activa"** expóñense as principais tarefas en canto a difusión da información municipal. O dito labor realízase a través da canle principal coa que se conta para este propósito, a plataforma electrónica de datos formada polo Portal de Transparencia co apoio do Portal Web e Sede Electrónica.

• No segundo punto **"2. Acceso á Información Pública"** contémplanse todas as novidades que presenta o novo espazo dixital creado para a difusión e coñecemento deste dereito, así como a experiencia no exercicio do dito dereito pola cidadanía. Ademais dos contidos agregados, achéganse as estatísticas recollidas en base ás

solicitudes de acceso á información pública recibidas ao longo do 2022 e as resolucións que as contestan para poder apreciar o nivel de reacción deste Concello ante as peticións específicas da veciñanza.

• O terceiro punto **“3.- Bo Goberno e Integridade”** versa sobre aquelas accións executadas atendendo aos principios de ética na gobernanza pública e amparo de medidas concretas encamiñadas á consecución dos principios transformadores da administración que recolle a LTBG. O contido artéllase en torno ás boas prácticas municipais que foron recoñecidas como tal pola “Red de Entidades Locais por la Transparencia y la Participación Ciudadana” da FEMP, boas prácticas que no seu conxunto se recollen no catálogo exposto. Pecha este apartado coa información relativa ao Plan de Integridade na Contratación Pública (PIC Vigo) e que constitúe unha iniciativa pioneira para alcanzar os máis elevados estándares de integridade na xestión da contratación municipal, así como de eficacia e eficiencia mediante a súa racionalización.

Conclúe a memoria cunha análise en datos da relevancia das informacións publicadas no Portal de Transparencia, así como coa proxección para o ano 2023 de accións futuras de seguimento e desenvolvemento do labor aquí reflectido.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

## Antecedentes

Adhesión ao Código de Bo Goberno Local da FEMP

Dando continuidade ao seu compromiso coa administración electrónica, participada e aberta, e en correspondencia ao liderado de coordinación dos traballos de revisión do Código en 2015, o Concello de Vigo adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP mediante acordo plenario de data de 30.11.2015, incorporando esta expresión ao ordenamento xurídico municipal e buscando a satisfacción das demandas éticas e democráticas derivadas do alto nivel de esixencia aplicable aos responsables políticos, en canto depositarios dun mandato representativo cidadán, na súa utilidade e eficacia como instrumento de reforzo da ética na xestión municipal.

Esta difusión lévase a cabo a través do Portal de Transparencia, onde o Código de bo goberno conta cun apartado propio para fomentar o seu coñecemento e facilitar que a cidadanía poida ser consciente da responsabilidade asumida polo seu concello e á vez fiscalice os compromisos concretos e o seu cumprimento.

As actuacións executadas en materia de transparencia atópanse recollidas nas tres memorias aprobadas ata o momento:

Memoria Bianual de Transparencia e Bo Goberno 2017-2018, aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 31.01.2019.

Memoria Anual de Transparencia e Bo Goberno 2019, aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data de data 30.01.2020.

Memoria Anual de Transparencia e Bo Goberno 2020, aprobada pola Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data de data 04.02.2021.

## 1.- PUBLICIDADE ACTIVA

Seguindo co mandato legal, e cumprindo co prazo de dous anos que prevía a Lei 19/2013 para que as Administracións Locais adáptanse ao seu contido, en decembro de 2015 xa estaba en funcionamento o Portal de Transparencia do Concello de Vigo recollendo a publicidade activa de todos os indicadores establecidos nos artigos 6 a 8 da Lei de Transparencia, así como unha gran cantidade de información a disposición do conxunto da cidadanía, desde a consideración de que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os principios fundamentais de toda acción política, reforzando así a confianza da cidadanía mediante o acceso á información relativa á actividade da Administración; información que será máis valiosa canto máis actualizada se presente.

En concreto, os artigos 6 a 8 da Lei de Transparencia establecen como materias que deben ser obxecto de publicación activa:

- Información institucional, organizativa e de planificación.
- Información de relevancia xurídica.
- Rexistro de actividades económicas
- Información económica, orzamentaria e estatística.

A información relativa aos ámbitos sinalados pola normativa atópase incluída e ampliada nas categorías de datos que estruturan o Portal de Transparencia:

1. Información institucional.
2. Recursos Humanos.
3. Normativa e información de relevancia xurídica.
4. Información económica.
5. Axudas e Subvencións.
6. Patrimonio.
7. Contratos.
8. Urbanismo, Obras Públicas e Medio ambiente.
9. Información e Atención á cidadanía.
10. Planificación, avaliación e calidade.




Deste xeito, a través do Portal de Transparencia (http://transparencia.vigo.org) o Concello de Vigo dá cumprimento ás obrigacións en materia de publicidade activa derivadas da entrada en vigor da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, á vez que se configura como un portal para o exercicio do dereito de acceso á información pública, e como canle de información en relación co funcionamento ordinario do Concello e todos os aspectos relativos á xestión municipal, recollendo as obrigacións sectoriais procedentes doutras normativas, así como as derivadas da lexislación básica en materia de réxime local.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado

## 1.1 Ampliación contidos publicados

No marco do desenvolvemento do Plan de Seguimento e Avaliación da transparencia e o bo goberno municipal, ao longo dos anos 2021 e 2022 o Portal de Transparencia do Concello de Vigo foi ampliado dando continuidade ao obxectivo de impulsar o desenvolvemento da política municipal en materia de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, velando pola adecuada difusión da información pública e a súa reutilización.

### Solicitudes de acceso á información pública (SAIP)

A definición do dereito de acceso á información pública realizado pola Lei 19/2013 foi unha das materializacións máis significativas do principio de transparencia na administración pública e converteuse nunha ferramenta máis, complementaria ás obrigas de publicidade activa, para dar acceso á cidadanía á información na que se sustenta á actividade das institucións públicas.

Debido a que a regulación referente a este dereito é relativamente recente, o nivel xeral de coñecemento e o seu exercicio por parte da cidadanía tivo un aumento progresivo ao longo dos anos, tal como reflicten as estatísticas de solicitudes presentadas no Concello de Vigo.




O tratamento das solicitudes de acceso á información pública é unha cuestión prioritaria para facer do novo concepto da administración como organización transparente unha realidade, e na administración municipal considérase tan importante o seu tratamento como a difusión da información que xeran.

Por este motivo a información sobre as solicitudes presentadas aparece actualizada de forma permanente no Portal de Transparencia, e dispoñible en forma de informes trimestrais, co detalle do número de solicitudes presentadas, resoltas, sentido da resolución, etc., así como a publicación íntegra das correspondentes resolucións.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

En data 01/02/2021 finalizou a execución temporal do programa conxunto de actuacións para a implantación das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que se viña desenvolvendo desde o ano 2017.

O artigo 21 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, determina que as Administracións Públicas incluídas no ámbito de aplicación establecerán sistemas para integrar a xestión de solicitudes de información da cidadanía no funcionamento da súa organización interna. A partir do mes de setembro do ano 2021 a tramitación e resolución das solicitudes de acceso á información pública, que previamente estaba atribuída a cada servizo xestor, centralizouse na Secretaría de Goberno local como único órgano xestor conforme o sinalado no artigo 2.3 do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional que dispón que corresponderalles aos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional as funcións necesarias, dentro do seu ámbito de actuación, para garantir o principio de transparencia.

Así mesmo, co fin de mellorar a eficacia e coordinación dos procedementos de solicitudes de acceso á información modificouse a guía de tramitación aos efectos de atribuír a instrución dos ditos procedementos á Secretaría de Goberno Local.

Ademais, creouse un novo trámite diferenciado na sede electrónica do Concello para a solicitude de acceso á información pública, a través dun formulario específico:

Sede electrónica / Trámites y Procedimientos / Trámite

## Solicitud de acceso a la información pública del Ayuntamiento de Vigo

Procedimiento a través del cual el ciudadano puede ejercer el **derecho de acceso** que garantiza la posibilidad de llevar a cabo consultas sobre datos e información pública en poder del Ayuntamiento de Vigo. El derecho de acceso podrá ser limitado en los supuestos que contempla la Ley 19/2013 en sus artículos 14 y 15. Entre otros: Seguridad Nacional, Defensa, Política económica y monetaria, para la protección de datos de carácter personal, etc.

### Prazos

Un mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver. Máis outro mes se o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario.

### Documentación requirida

» **Solicitude de acceso á información pública - Concello de Vigo** *Presente este impreso no Rexistro Xeral do Concello de Vigo no caso de que a información solicitada esté relacionada co Concello.*

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado



**CONCELLO DE VIGO**

Plaza del Rey, 1 – 36202 Vigo
Tel.: 986 810 100 – CIF: 3605700H

**IMPRESO DE SOLICITUDE**

**SOLICITUDE ACCESO INFORMACIÓN PÚBLICA**

DIR3: LO1360577

600

Selo rexistro

SEÑOR ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VIGO

**1. DATOS SOLICITANTE**: Importante: Se vostede está entre os obrigados a relacionarse coa Administración de forma electrónica*(1) a presentación de solicitudes, instancias, documentos e comunicacións á Administración se deberá realizar a través do rexistro electrónico ( https://sede.vigo.org/expedientes//sede/). No caso de que o presente presencialmente **será requerido para que proceda á subsanación a través da súa presentación electrónica.**

SOLICITANTE

| * DNI ou CIF | * Nome e apelidos ou razón social | * Teléfono móbil | Teléfono 2 |
|---|---|---|---|
| | | | |

| * Nome da rúa, praza, etc | * Número | Portal | Escaleira | * Piso | * Porta | * Cód. Postal |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

| * Municipio | * Provincia | Correo electrónico |
|---|---|---|
| | | |

**2. DATOS REPRESENTANTE:** (no caso de presentación polo representante deberá achegar documentación acreditativa da representación). Se actúa en nome dun obrigado a relacionarse coa Administración de forma electrónica, deberáse acatar ao disposto no punto anterior.

REPRESENTANTE

| DNI ou CIF | Nome e apelidos ou razón social | Teléfono móbil | Teléfono 2 |
|---|---|---|---|
| | | | |

| Nome da rúa, praza, etc | Número | Portal | Escaleira | Piso | Porta | Cód. Postal |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | |

| Municipio | Provincia | Correo electrónico |
|---|---|---|
| | | |

**3. NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA:** Recibirá un aviso por correo electrónico e/ou ó teléfono móbil sobre a posta a disposición da Carpeta Cidadá. Para acceder á mesma será necesario dispor de usuario e contrasinal ou certificado electrónico.

**Persoas físicas non obrigadas:**
Cubrir só se desexa notificación electrónica.
A elección da notificación por medios electrónicos terá efectos para calquer procedemento posterior que o relacione co Concello de Vigo, podendo ser modificado polo interesado en calquera momento.

**Persoas obrigadas: *(1)**
As enumeradas no art. 14,2 Lei 39/2015 LPAC e na Ordenanza Municipal de Administración Electrónica do Concello de Vigo (Publicada no BOP de Pontevedra nº 195 do 8 de outubro de 2021).

☐ **Solicito a práctica de notificacions por medios electrónicos.**

Aviso de notificación en:

| Teléfono móbil | Correo electrónico |
|---|---|
| | |

**4. INFORMACIÓN QUE SOLICITA**

## 1.2 Resolucións xudiciais

Segundo se recolle no informe de transparencia na actividade xudicial remitido polo responsable de información da Asesoría Xurídica, dende a entrada en vigor da Lei 19/2013, a Asesoría Xurídica está a cumprir coas súas obrigas legais e conforme ao que por medio de indicacións, instrucións e finalmente resolucións se acordou polos órganos municipais.

A este respecto, figura dende o ano 2016 designada expresamente unha persoa como responsable da información de transparencia da Asesoría Xurídica, nomeadamente a publicada e relativa á categoría 3 (Normativa e información de relevancia xurídica), e dentro desta, a do apartado 4 (44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación). Indicador 33 dos aprobados na sesión da XGL do 12/7/2018.

Comprobada periódica e aleatoriamente os diferentes contidos que se publican, a mesma axústase ás especificacións municipais acordadas e as resolucións que se publican axústanse aos requisitos de firmeza, categorización e restantes aspectos.

No relativo ao resto de información-indicadores de transparencia que é común a outros servizos xestores do Concello, polo menos dende hai máis de dous exercicios a Asesoría Xurídica non conta con contratos menores adxudicados e a derradeira contratación de persoal con cargo a un programa foi en colaboración con outros servizos e áreas como Recursos Humanos e Administración Electrónica, polo que lles correspondeu a súa publicación.

Finalmente, non se recibiu ningún documento dos relacionados co indicador 32 (directrices, acordos, circulares ou respostas a consultas...), polo que se entende que

o Servizo/Área/Unidade que o solicita e recibe está a encargarse e responsabilizarse da súa publicación.

En suma, déixase constancia de que da información que en puridade lle corresponde á Asesoría Xurídica responsabilizarse, como son as resolucións xudiciais (indicador 33), figura correctamente publicada e coa dilixencia esixible e establecida nas fichas a fin de cumprir coas obrigas e responsabilidades derivadas da Lei de transparencia:

https://transparencia.vigo.org/?id=111&tipo=ele&ita=0&lang=ga




## 1.3 Análise de resultados

Unha das funcionalidades da elaboración desta Memoria consiste na realización dunha análise exhaustiva do historial de accesos ao Portal de Transparencia.

A recollida de datos que se fai a través do Observatorio de transparencia é a nivel individualizado, obtendo a información dos accesos concretos a cada un dos indicadores de transparencia, o que permite facer unha lectura moi precisa das materias que atraen máis a atención da cidadanía.

Os resultados obtidos deste estudo son unha información fundamental para proxectar modificacións e ampliacións do contido publicado co obxectivo de conseguir unha confluencia entre este e os intereses e inquietudes da cidadanía.

**ACCESOS ANUAIS PORTAL DE TRANSPARENCIA**

| | |
|---|---|
| Ano 2018 | 87.867 |
| Ano 2019 | 158.627 |
| Ano 2020 | 111.333 |
| Ano 2021 | 84.492 |
| Ano 2022 | 77.379 |
| **Total** | **519.698** |

**VARIACIÓN INTERANUAL**

| | |
|---|---|
| Período 2018-2019 | 81% |
| Período 2019-2020 | -30% |
| Período 2020-2021 | -24% |
| Período 2021-2022 | -8% |

En termos absolutos, o número de accesos ao Portal de Transparencia municipal desde o ano 2018 é de 519.698.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado




Observando os datos anuais que se reflicten no gráfico e táboa anteriores móstrase como os accesos globais ao Portal de Transparencia tiveron un crecemento continuo até o ano 2020, ano no que se inviste a tendencia.

Por outra banda, analizando o ranking dos 10 indicadores máis consultados nos anos 2021 e 2022 en números absolutos, obsérvase un incremento nas consultas en materia de contratación e inventario de bens municipal, así como a relativa á xestión e retribucións do persoal. En termos xerais apréciase un maior interese pola transparencia municipal, o acceso á información pública e a participación cidadá, así como polos instrumentos de regulación e normativa municipal.

**RANKING 10 ELEMENTOS MÁIS CONSULTADOS EN 2021**

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

| | |
|---|---|
| Contratos menores formalizados | 3735 |
| Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións | 2051 |
| 42. Ordenanzas e Regulamentos municipais | 1970 |
| 63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello | 1468 |
| Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOM) e os mapas e planos que o detallan | 1420 |
| Consellos municipais e/ou outras canles de participación cidadá | 1270 |
| Axenda institucional do Alcalde/sa | 1168 |
| Organigrama que identifica aos responsables dos diferentes órganos | 1063 |
| 23. Retribucións dos Grupos municipais | 977 |
| Canles de denuncias para os cidadáns | 927 |

## RANKING 10 ELEMENTOS MÁIS CONSULTADOS EN 2022

| | |
|---|---|
| Contratos menores formalizados | 2970 |
| Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións | 1906 |
| 42. Ordenanzas e Regulamentos municipais | 1306 |
| 63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello | 1183 |
| Consellos municipais e/ou outras canles de participación cidadá | 1058 |
| Canles de denuncias para os cidadáns | 941 |
| 154. Exercicio do dereito de acceso á información pública | 928 |
| Publicación dos proxectos, os pregos e os criterios de licitación das obras públicas | 916 |
| Axenda institucional do Alcalde/sa | 834 |
| Mapas da web municipal e do portal de transparencia | 786 |

## ACCESOS TOTAIS A CADA UN DOS INDICADORES PUBLICADOS:

Accesos totais a cada un dos indicadores de transparencia do Portal de Transparencia durante o **ano 2021**:

| **Indicador de transparencia** | **Nº de accesos** |
|---|---|
| **1. Información institucional** | |
| 1. Organigrama | 98 |
| 2. Funcións e competencias do Alcalde e os concelleiros | 227 |
| 3. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten participación a Corporación | 56 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

| | |
|---|---|
| 4. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten representación a Corporación | 73 |
| 5. Normativa xeral aplicable ao Réxime local | 68 |
| 6. Nomes e retribucións dos máximos responsables de entidades dependentes e participadas | 57 |
| 7. Datos biográficos e adscrición política do Alcalde e restantes membros da Corporación | 72 |
| 8. Enderezos electrónicos e outros datos de interese do Alcalde e restantes membros da Corporación | 48 |
| 9. Réxime de dedicación dos cargos electos | 79 |
| 10. Retribucións dos cargos electos | 130 |
| 11. Rexistro de intereses | 112 |
| 12. Regulamento Orgánico Municipal | 469 |
| 13. Pleno | 32 |
| 14. Comisións informativas | 32 |
| 15. Ordes do día dos Plenos da Corporación | 67 |
| 16. Actas ou acordos íntegros dos Plenos da Corporación | 64 |
| 17. Xunta de Goberno Local | 37 |
| 18. Ordes do día das Xuntas de Goberno | 49 |
| 19. Actas ou acordos íntegros das Xuntas de Goberno Local | 60 |
| 20. Ordes do día das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo | 63 |
| 21. Actas ou acordos íntegros das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo | 36 |
| 22. Outros órganos colexiados da Corporación | 503 |
| 23. Retribucións dos Grupos Municipais | 977 |
| 24. Datos básicos de órganos descentralizados: Xerencia Municipal de Urbanismo | 27 |
| 25. Información mandatos anteriores | 64 |
| **2. Recursos humanos** | |
| 26. Relación de postos de persoal eventual da Corporación | 60 |
| 27. Acordos e resolucións relativas ao persoal eventual municipal | 96 |
| 28. Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións | 563 |
| 29. Relación de Postos de Traballo dos Entes dependentes | 72 |
| 30. Persoal adscrito a Plans ou Programas temporais | 56 |
| 31. Relación de órganos de representación de persoal | 71 |
| 32. Acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo e convenios colectivos vixentes | 664 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | |
|---|---|
| 33. Compatibilidades que afecten aos empregados públicos | 111 |
| 34. Oferta de Emprego Público | 36 |
| 35. Convocatorias de procesos selectivos de provisión de postos de traballo | 116 |
| 36. Criterios de xestión das listas de reserva | 68 |
| 37. Masa salarial do persoal laboral laboral, nos termos previstos polo artigo 103 bis da LRBRL | 74 |
| 38. Masa salarial do persoal funcionario, nos termos previstos polo artigo 7 do RD 861/1986 | 73 |
| **3. Normativa e información de relevancia xurídica** | |
| 39. Proxectos de Ordenanzas e Regulamentos locais | 37 |
| 40. Achegas na fase de consulta pública, con indicación da súa incorporación posterior (no seu caso) ao Proxecto de Regulamentos | 56 |
| 41. Achegas na fase de audiencia e información pública, con indicación da súa incorporación (no seu caso) aos Regulamentos ou Ordenanzas | 56 |
| 42. Ordenanzas e Regulamentos municipais | 1.970 |
| 43. Directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas expostas que supoñan unha interpretación do Dereito ou produzan efectos | 89 |
| 44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación | 67 |
| 45. Inventario de actividades de tratamento | 93 |
| **4. Información económica** | |
| 46. Orzamento Municipal | 130 |
| 47. Alegacións formuladas aos Orzamentos | 63 |
| 48. Informes de execución orzamentaria | 56 |
| 49. Modificacións orzamentarias | 63 |
| 50. Estudos sobres custes/rendementos dos servizos públicos prestados | 58 |
| 51. Obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda | 56 |
| 52. Informes de morosidade aprobados polo Pleno | 71 |
| 53. Período medio de pagamento a provedores | 108 |
| 54. Liquidación do último exercicio | 76 |
| 55. Informes de Auditoría de Contas e de Fiscalización | 106 |
| 56. Indicadores de eficiencia e/ou eficacia do gasto na prestación dos servizos | 54 |
| 57. Informe sobre o subministro de información da Lei Orgánica de Estabilidade | 78 |
| 58. Autonomía fiscal | 72 |
| 59. Ingresos e gastos fiscais por habitante | 77 |
| 60. Endebedamento por habitante | 60 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

| | |
|---|---|
| 61. Contas Anuais e Conta Xeral | 139 |
| **5. Axudas e subvencións** | |
| 62. Subvencións e axudas públicas | 63 |
| **6. Patrimonio** | |
| 63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello | 1.468 |
| 64. Relación de vehículos oficiais | 43 |
| **7. Contratos** | |
| 65. Composición de las mesas de contratación | 75 |
| 66. Actas das mesas de contratación | 72 |
| 67. Relación de contratos públicos formalizados pola Corporación | 70 |
| 68. Relación dos contratos menores realizados | 134 |
| 69. Modificacións dos contratos públicos formalizados | 52 |
| 70. Desistimento e renuncia de contratos públicos | 58 |
| 71. Proxectos de obras públicas | 57 |
| 72. Contratos de obras públicas en execución | 52 |
| 73. Porcentaxe en volume orzamentario de contratos públicos adxudicados | 78 |
| 74. Relación dos contratos adxudicados a través de centrais de contratación | 46 |
| 75. Relación de convenios de colaboración subscritos pola Corporación | 61 |
| 76. Encomendas de xestión | 57 |
| 77. Relación de encargos a medios propios | 53 |
| 78. Relación de obras executadas pola propia Administración | 50 |
| 79. Transferencias de financiamento | 96 |
| **8. Urbanismo, Obras públicas e Medio ambiente** | |
| 80. Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) | 135 |
| 81. Análise e diagnóstico territorial (PXOU) | 62 |
| 82. Documentación xustificativa (PXOU) | 29 |
| 83. Documentación con eficacia normativa (PXOU) | 53 |
| 84. Modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Urbana | 48 |
| 85. Plan de Ordenación Pormenorizada | 87 |
| 86. Documentos informativos e xustificativos | 77 |
| 87. Documentos con eficacia normativa | 60 |
| 88. Plans de Reforma Interior | 32 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

| | |
|---|---|
| 89. Plans Parciais | 60 |
| 90. Estudos de Detalle | 65 |
| 91. Plans Especiais | 46 |
| 92. Catálogo de Proteccións | 192 |
| 93. Identificación das directrices de desenvolvemento territorial | 46 |
| 94. Espazos que compoñen a Infraestrutura Verde municipal e urbana | 61 |
| 95. Relación de actuacións suxeitas ao réxime de comunicación previa | 76 |
| 96. Relación de actuacións suxeitas a licencia urbanística | 32 |
| 97. Indicadores de sustentabilidade territorial | 74 |
| 98. Informes de seguimento dos efectos no medio ambiente e o territorio derivados da aplicación do Plan | 57 |
| 99. Rexistro municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar | 245 |
| 100. Relación de convenios urbanísticos subscritos | 46 |
| 101. Noticias de urbanismo | 74 |
| 102. Identificación dos bens, recursos e dereitos integrantes do Patrimonio municipal do Solo | 61 |
| 103. Destino dos bens integrantes do Patrimonio municipal do Solo | 48 |
| 104. Medio Ambiente | 42 |
| **9. Información e atención cidadá** | |
| 105. Relación de procedementos que poden ser tramitados electronicamente polos cidadáns | 79 |
| 106. Carpeta electrónica para consultar os expedientes tramitados electronicamente polos cidadáns | 100 |
| 107. Documentos sometidos a información e/ou exposición pública | 69 |
| 108. Vías de participación en funcións do Concello | 70 |
| 109. Caixa de correos de queixas e/ou suxestións | 95 |
| 110. Avisos para a mellora dos servizos municipais (sen identificación) | 48 |
| 111. Mapa da web | 74 |
| 112. Motor de procura interno | 31 |
| 113. Condicións de accesibilidade | 38 |
| 114. Dereito de acceso | 46 |
| 115. Solicitude de acceso | 52 |
| 116. Seguimento da tramitación da solicitude por parte do interesado | 50 |
| 117. Validación de documentos electrónicos emitidos polo Concello de Vigo | 45 |
| 118. Reclamacións ante a Comisión de Transparencia de Galicia | 58 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | |
|---|---|
| 119. Suxestións e Reclamacións | 44 |
| 120. Rexistro de Asociacións veciñais | 63 |
| 121. Indicación dos inmobles cedidos ou arrendados a Asociacións veciñais | 50 |
| 122. Indicación de axudas ou subvencións concedidas a Asociacións veciñais | 78 |
| 123. Estatísticas persoas voluntarias | 54 |
| 124. Estatísticas sobre o programa "Cumprimento das penas en beneficio da comunidade" | 64 |
| 125. Redes sociais | 29 |
| **10. Planificación, avaliación e calidade** | |
| 126. Plans e Programas | 433 |
| 127. Indicadores de xestión | 54 |
| 128. Indicadores financeiros e patrimoniais | 56 |
| 129. Presión Fiscal | 57 |
| 130. Aforro Neto | 53 |
| 131. Indicadores de execución do orzamento de gastos e ingresos correntes e pechados | 70 |
| 132. Superávit ou déficit por habitante | 181 |
| 133. Gasto por habitante | 58 |
| 134. Inversión por habitante | 43 |
| 135. Esforzo inversor | 63 |
| 136. Endebedamento financeiro por habitante | 54 |
| 137. Endebedamento financeiro sobre ingresos correntes | 59 |
| 138. Débeda orzamentaria por habitante | 59 |
| 139. Cobertura gastos correntes | 51 |
| 140. Autonomía | 62 |
| 141. Indicador de infraestruturas | 61 |
| 142. Fraccionamentos, expedientes, importe e xestión en vía de constrinximento | 80 |
| 143. Indicador de ingresos urbanísticos | 48 |
| 144. Carga financeira por habitante | 54 |
| 145. Coeficiente de endebedamento | 62 |
| 146. Dependencia financeira e de subvencións | 48 |
| 147. Índice de cobertura | 64 |
| 148. Índice de financiamento | 52 |



ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado





Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado

| | |
|---|---|
| 149. Liquidez inmediata | 63 |
| 150. Estatísticas do Portal de Transparencia | 159 |
| 151. Política de Xestión de Documentos electrónicos | 70 |
| 152. Regras e procedementos para a eliminación de documentos electrónicos | 71 |
| 153. Política de Firma electrónica | 58 |
| 154. Exercicio do dereito de acceso á información pública | 613 |
| 155. Resolucións das reclamacións interpostas en materia de acceso á información pública | 491 |
| 156. Cartas de servizo | 38 |
| 157. Compromisos de calidade | 52 |
| 158. Estatísticas de cumprimento e a calidade dos servizos públicos | 36 |

Accesos totais a cada un dos indicadores de transparencia do Portal de Transparencia durante o **ano 2022**:

| **Indicador de transparencia** | **Nº de accesos** |
|---|---|
| **1. Información institucional** | |
| 1. Organigrama | 142 |
| 2. Funcións e competencias do Alcalde e os concelleiros | 207 |
| 3. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten participación a Corporación | 49 |
| 4. Relación de entidades públicas e privadas nas que ten representación a Corporación | 83 |
| 5. Normativa xeral aplicable ao Réxime local | 60 |
| 6. Nomes e retribucións dos máximos responsables de entidades dependentes e participadas | 48 |
| 7. Datos biográficos e adscrición política do Alcalde e restantes membros da Corporación | 75 |
| 8. Enderezos electrónicos e outros datos de interese do Alcalde e restantes membros da Corporación | 39 |
| 9. Réxime de dedicación dos cargos electos | 66 |
| 10. Retribucións dos cargos electos | 412 |
| 11. Rexistro de intereses | 79 |
| 12. Regulamento Orgánico Municipal | 308 |
| 13. Pleno | 28 |
| 14. Comisións informativas | 26 |
| 15. Ordes do día dos Plenos da Corporación | 52 |

| | |
|---|---|
| 16. Actas ou acordos íntegros dos Plenos da Corporación | 60 |
| 17. Xunta de Goberno Local | 34 |
| 18. Ordes do día das Xuntas de Goberno | 55 |
| 19. Actas ou acordos íntegros das Xuntas de Goberno Local | 60 |
| 20. Ordes do día das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo | 62 |
| 21. Actas ou acordos íntegros das sesións do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo | 42 |
| 22. Outros órganos colexiados da Corporación | 442 |
| 23. Retribucións dos Grupos Municipais | 705 |
| 24. Datos básicos de órganos descentralizados: Xerencia Municipal de Urbanismo | 24 |
| 25. Información mandatos anteriores | 55 |
| **2. Recursos humanos** | |
| 26. Relación de postos de persoal eventual da Corporación | 48 |
| 27. Acordos e resolucións relativas ao persoal eventual municipal | 68 |
| 28. Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello, cargos de confianza, persoal eventual, e o importe das súas retribucións | 421 |
| 29. Relación de Postos de Traballo dos Entes dependentes | 48 |
| 30. Persoal adscrito a Plans ou Programas temporais | 45 |
| 31. Relación de órganos de representación de persoal | 58 |
| 32. Acordos ou pactos reguladores das condicións de traballo e convenios colectivos vixentes | 759 |
| 33. Compatibilidades que afecten aos empregados públicos | 72 |
| 34. Oferta de Emprego Público | 27 |
| 35. Convocatorias de procesos selectivos de provisión de postos de traballo | 134 |
| 36. Criterios de xestión das listas de reserva | 87 |
| 37. Masa salarial do persoal laboral laboral, nos termos previstos polo artigo 103 bis da LRBRL | 97 |
| 38. Masa salarial do persoal funcionario, nos termos previstos polo artigo 7 do RD 861/1986 | 75 |
| **3. Normativa e información de relevancia xurídica** | |
| 39. Proxectos de Ordenanzas e Regulamentos locais | 32 |
| 40. Achegas na fase de consulta pública, con indicación da súa incorporación posterior (no seu caso) ao Proxecto de Regulamentos | 71 |
| 41. Achegas na fase de audiencia e información pública, con indicación da súa incorporación (no seu caso) aos Regulamentos ou Ordenanzas | 50 |
| 42. Ordenanzas e Regulamentos municipais | 1.306 |
| 43. Directrices, instrucións, acordos, circulares ou respostas a consultas expostas que supoñan unha interpretación do Dereito ou produzan efectos | 75 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado

| | |
|---|---|
| 44. Resolucións xudiciais firmes que afecten á Corporación | 59 |
| 45. Inventario de actividades de tratamento | 68 |
| **4. Información económica** | |
| 46. Orzamento Municipal | 103 |
| 47. Alegacións formuladas aos Orzamentos | 61 |
| 48. Informes de execución orzamentaria | 40 |
| 49. Modificacións orzamentarias | 56 |
| 50. Estudos sobres custes/rendementos dos servizos públicos prestados | 46 |
| 51. Obxectivo de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e límite de débeda | 77 |
| 52. Informes de morosidade aprobados polo Pleno | 58 |
| 53. Período medio de pagamento a provedores | 67 |
| 54. Liquidación do último exercicio | 60 |
| 55. Informes de Auditoría de Contas e de Fiscalización | 269 |
| 56. Indicadores de eficiencia e/ou eficacia do gasto na prestación dos servizos | 48 |
| 57. Informe sobre o subministro de información da Lei Orgánica de Estabilidade | 94 |
| 58. Autonomía fiscal | 56 |
| 59. Ingresos e gastos fiscais por habitante | 60 |
| 60. Endebedamento por habitante | 42 |
| 61. Contas Anuais e Conta Xeral | 177 |
| **5. Axudas e subvencións** | |
| 62. Subvencións e axudas públicas | 42 |
| **6. Patrimonio** | |
| 63. Inventario de Bens e Dereitos do Concello | 1.183 |
| 64. Relación de vehículos oficiais | 28 |
| **7. Contratos** | |
| 65. Composición de las mesas de contratación | 79 |
| 66. Actas das mesas de contratación | 53 |
| 67. Relación de contratos públicos formalizados pola Corporación | 85 |
| 68. Relación dos contratos menores realizados | 58 |
| 69. Modificacións dos contratos públicos formalizados | 52 |
| 70. Desistimento e renuncia de contratos públicos | 48 |


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| | |
|---|---|
| 71. Proxectos de obras públicas | 49 |
| 72. Contratos de obras públicas en execución | 37 |
| 73. Porcentaxe en volume orzamentario de contratos públicos adxudicados | 141 |
| 74. Relación dos contratos adxudicados a través de centrais de contratación | 25 |
| 75. Relación de convenios de colaboración subscritos pola Corporación | 55 |
| 76. Encomendas de xestión | 46 |
| 77. Relación de encargos a medios propios | 37 |
| 78. Relación de obras executadas pola propia Administración | 42 |
| 79. Transferencias de financiamento | 91 |
| **8. Urbanismo, Obras públicas e Medio ambiente** | |
| 80. Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) | 77 |
| 81. Análise e diagnóstico territorial (PXOU) | 135 |
| 82. Documentación xustificativa (PXOU) | 25 |
| 83. Documentación con eficacia normativa (PXOU) | 47 |
| 84. Modificacións puntuais do Plan Xeral de Ordenación Urbana | 44 |
| 85. Plan de Ordenación Pormenorizada | 79 |
| 86. Documentos informativos e xustificativos | 69 |
| 87. Documentos con eficacia normativa | 53 |
| 88. Plans de Reforma Interior | 28 |
| 89. Plans Parciais | 60 |
| 90. Estudos de Detalle | 61 |
| 91. Plans Especiais | 41 |
| 92. Catálogo de Proteccións | 359 |
| 93. Identificación das directrices de desenvolvemento territorial | 43 |
| 94. Espazos que compoñen a Infraestrutura Verde municipal e urbana | 51 |
| 95. Relación de actuacións suxeitas ao réxime de comunicación previa | 59 |
| 96. Relación de actuacións suxeitas a licencia urbanística | 41 |
| 97. Indicadores de sustentabilidade territorial | 76 |
| 98. Informes de seguimento dos efectos no medio ambiente e o territorio derivados da aplicación do Plan | 52 |
| 99. Rexistro municipal de Soares e Edificios a Rehabilitar | 251 |
| 100. Relación de convenios urbanísticos subscritos | 46 |
| 101. Noticias de urbanismo | 64 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

| | |
|---|---|
| 102. Identificación dos bens, recursos e dereitos integrantes do Patrimonio municipal do Solo | 53 |
| 103. Destino dos bens integrantes do Patrimonio municipal do Solo | 38 |
| 104. Medio Ambiente | 40 |
| **9. Información e atención cidadá** | |
| 105. Relación de procedementos que poden ser tramitados electronicamente polos cidadáns | 63 |
| 106. Carpeta electrónica para consultar os expedientes tramitados electronicamente polos cidadáns | 77 |
| 107. Documentos sometidos a información e/ou exposición pública | 48 |
| 108. Vías de participación en funcións do Concello | 69 |
| 109. Caixa de correos de queixas e/ou suxestións | 78 |
| 110. Avisos para a mellora dos servizos municipais (sen identificación) | 43 |
| 111. Mapa da web | 61 |
| 112. Motor de procura interno | 28 |
| 113. Condicións de accesibilidade | 35 |
| 114. Dereito de acceso | 44 |
| 115. Solicitude de acceso | 49 |
| 116. Seguimento da tramitación da solicitude por parte do interesado | 45 |
| 117. Validación de documentos electrónicos emitidos polo Concello de Vigo | 39 |
| 118. Reclamacións ante a Comisión de Transparencia de Galicia | 56 |
| 119. Suxestións e Reclamacións | 48 |
| 120. Rexistro de Asociacións veciñais | 60 |
| 121. Indicación dos inmobles cedidos ou arrendados a Asociacións veciñais | 50 |
| 122. Indicación de axudas ou subvencións concedidas a Asociacións veciñais | 76 |
| 123. Estatísticas persoas voluntarias | 54 |
| 124. Estatísticas sobre o programa "Cumprimento das penas en beneficio da comunidade" | 56 |
| 125. Redes sociais | 28 |
| **10. Planificación, avaliación e calidade** | |
| 126. Plans e Programas | 483 |
| 127. Indicadores de xestión | 41 |
| 128. Indicadores financeiros e patrimoniais | 64 |
| 129. Presión Fiscal | 47 |
| 130. Aforro Neto | 54 |
| 131. Indicadores de execución do orzamento de gastos e ingresos correntes e | 69 |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

| | |
|---|---|
| pechados | |
| 132. Superávit ou déficit por habitante | 146 |
| 133. Gasto por habitante | 46 |
| 134. Inversión por habitante | 39 |
| 135. Esforzo inversor | 60 |
| 136. Endebedamento financeiro por habitante | 43 |
| 137. Endebedamento financeiro sobre ingresos correntes | 50 |
| 138. Débeda orzamentaria por habitante | 41 |
| 139. Cobertura gastos correntes | 49 |
| 140. Autonomía | 55 |
| 141. Indicador de infraestruturas | 66 |
| 142. Fraccionamentos, expedientes, importe e xestión en vía de constrinximento | 64 |
| 143. Indicador de ingresos urbanísticos | 44 |
| 144. Carga financeira por habitante | 52 |
| 145. Coeficiente de endebedamento | 64 |
| 146. Dependencia financeira e de subvencións | 29 |
| 147. Índice de cobertura | 63 |
| 148. Índice de financiamento | 46 |
| 149. Liquidez inmediata | 67 |
| 150. Estatísticas do Portal de Transparencia | 111 |
| 151. Política de Xestión de Documentos electrónicos | 52 |
| 152. Regras e procedementos para a eliminación de documentos electrónicos | 70 |
| 153. Política de Firma electrónica | 52 |
| 154. Exercicio do dereito de acceso á información pública | 928 |
| 155. Resolucións das reclamacións interpostas en materia de acceso á información pública | 573 |
| 156. Cartas de servizo | 30 |
| 157. Compromisos de calidade | 53 |
| 158. Estatísticas de cumprimento e a calidade dos servizos públicos | 26 |

## 2. PUBLICIDADE PASIVA

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 20/12/2023 08:46 | Páxina 23 de 35 |
| 1415-1102 | CSV: A2A23F-EAE988-41E3E1-ZSRMFF-PV48G1-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Cómpre sinalar que a partir do mes de setembro do ano 2021, a tramitación e resolución das solicitudes de acceso á información pública, que ata esa momento dependía de cada servizo xestor, foi centralizada na Secretaría de Goberno local, creándose a tal efecto un trámite específico "ACCINF" dentro do programa de xestión de expedientes municipal, para recopilar todas as solicitudes recibidas nesta materia:

| Tipos de expediente | |
|---|---|
| Nº | Descrición |
| ACCINF | SOL.ACCESO INFO -TRANSPARENCIA |

1102 (SECRETARÍA GOBERNO LOCAL)

sol.info.publica

## 2.1 Solicitudes de acceso á información pública 2021-2022

A información sobre as solicitudes de información atópase recollida e actualizada no Portal de Transparencia municipal: https://transparencia.vigo.org/?id=134&tipo=ele&ita=0&lang=ga

### 10.4 Sistemas de transparencia municipal

154. Exercicio do dereito de acceso á información pública

**SOLICITUDES DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA**

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Ver 2021** | | | | |
| MLG | 25.11.21 | Información respecto do Convenio de colaboración subscrito polo Concello de Vigo coa Administración do Catastro Inmobiliario | Secretaría Xeral /Estimada 20.12.2021 | En Prazo 20.12.2021 |
| | | | Secretaría Xeral /Estimada parcialmente e | Fóra de |
| **Ver 2022** | | | | |
| MLG | 01.03.22 | Solicita copia das dilixencias e actas relativas ao inventario de bens do Concello dende 2012 a 2021 | Secretaría Xeral /Estimada 13.10.2022 | Fóra de Prazo 17.10.2022 |
| ELG | 01.06.22 | Solicita copia de autorización e informes de obras | Secretaría Xeral /Estimada 05.08.2022 | Fóra de Prazo 09.08.2022 |
| AMLC | 19.12.22 | Solicita información sobre subvención concedida para concerto coral no Nadal | Secretaría Xeral /Resolución de inadmisión (artigo 18.1 a) LTAIBG) 02.01.2023 | En Prazo 09.01.2023 |
| JMPM | 16.12.22 | Solicita información de municipal relativa ao tendido de roupa en balcóns | Secretaría Xeral /Traslado do expediente á XMU 23.12.2023 | |

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado

## 2.2 Datos estatísticos

O interese polos asuntos públicos por parte da cidadanía é unha cuestión en continuo crecemento.

Así, no ano 2022 apréciase un incremento significativo do número de solicitudes de acceso á información pública presentadas no Concello de Vigo con respecto a anos anteriores. En 2022 recibíronse 64 solicitudes de acceso á información pública, fronte ás 23 recibidas no ano 2021, o que supón un incremento do 178,26%.




Os datos estatísticos relativos ás solicitudes de acceso á información pública son obxecto de publicación a través dun informe trimestral no Portal de Transparencia municipal (ligazón).



CONCELLO DE VIGO

Secretaría de Goberno Local
Expediente: 476/1102
Indicador transparencia 154
Datos actualizados a 01.12.23
Enlace ao indicador

INFORMACIÓN ESTATÍSTICA

| Número de solicitudes | |
|---|---|
| 2016 | 3 |
| 2017 | 8 |
| 2018 | 12 |
| 2019 | 22 |
| 2020 | 18 |
| 2021 | 23 |
| 2022 | 64 |
| 2023 | 42 |

| Estado de tramitación | |
|---|---|
| Resoltas: | 159 |
| En trámite: | 4 |
| Total: | 163 |

| Prazo de resolución | |
|---|---|
| En prazo: | 74 |
| Fóra de prazo: | 84 |

| Tipo de resolución | |
|---|---|
| Estimadas | 104 |
| Estimadas parcialmente | 27 |
| Desestimadas | 17 |
| Inadmitidas | 19 |
| Traslado | 19 |
| Desistidas | 2 |



ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 15/12/2023 10:42:54
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 15/12/2023 11:02 | Páxina 1 de 15
476-1102 | CSV: ABA934-E25FB2-DCAC45-PV31W9-4UTEFR-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Durante o ano **2021** recibíronse 23 solicitudes de información, das cales 9 foron tramitadas pola Secretaría do Goberno local e as 14 restantes polo correspondente servizo xestor da información. Das solicitudes presentadas 17 foron estimadas totalmente, 4 estimadas de forma parcial, 1 desestimada e 1 inadmitida.

No ano **2022** tramitáronse 64 solicitudes de información, das cales 57 foron tramitadas pola Secretaría do Goberno local e 7 foron trasladadas á Xerencia Municipal de Urbanismo, por ser obxecto da súa competencia. Das solicitudes presentadas, 36 foron estimadas totalmente, 3 estimadas de forma parcial, 8 desestimadas e 11 inadmitidas.

En canto ao cumprimento dos prazos de resolución, cabe destacar que a centralización da tramitación das solicitudes de información pública na Secretaría de Goberno local supuxo un aumento do volume de traballo, engadido ao xa existente, que se tivo que realizar cos medios persoais dispoñibles na oficina.

Así mesmo en data 01/02/2021 finalizou a execución temporal do programa conxunto de actuacións para a implantación das previsións contidas na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que se viña desenvolvendo desde o ano 2017.

O prazo de resolución das solicitudes de acceso á información pública é de un mes, segundo establece o artigo 20 da Lei de Transparencia, ampliable por outro mes no caso de que o volume ou a complexidade da información que se solicita así o fagan necesario.

Nalgúns casos tamén é preciso suspender o prazo de resolución para poder conferir o preceptivo trámite de alegacións a posibles terceiros afectados pola información solicitada, tal como establece o artigo 19 da Lei de transparencia.

Ademais, na tramitación das solicitudes desde a Secretaría de Goberno local requírese a emisión de informes no prazo de dez días aos distintos servizos xestores da información que, en moitos casos, remiten extemporaneamente.

Todo isto traduciuse nun retraso na resolución das solicitudes, como se aprecia na seguinte gráfica:




ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

# 3. BO GOBERNO E INTEGRIDADE

## 3.1 Boas prácticas

Como administración innovadora, transparente e conforme aos principios de eficacia e eficiencia na xestión, son moitas as prácticas que se foron introducindo no marco da xestión diaria do Concello de Vigo. Algunhas destas medidas foron obxecto de recoñecemento como boas prácticas e como tales incorporáronse ao banco de boas prácticas da "Rede de Entidades Locais pola Transparencia e a Participación Cidadá" da FEMP.

Este banco é de acceso público e libre, de modo que calquera persoa pode coñecer desde unha óptica neutral e homoxénea, que melloras e plans adóptanse nas entidades que ven recoñecidas ás boas prácticas, ao tempo que permite o benchmarking entre as entidades locais.

Cabe destacar que o Concello de Vigo ten recoñecidas boas prácticas no devandito Banco (trece boas prácticas): https://redtransparenciayparticipacion.es/buenas-practicas/



ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

Boas prácticas recoñecidas:

| |
|---|
| - Transparencia no control xudicial da actividade municipal |
| - Transparencia nos contratos menores |
| - Sistema de acceso electrónico inmediato aos expedientes da Xunta de Goberno Local |
| - Fichas técnicas de indicadores de transparencia |
| - Posta en funcionamento do rexistro electrónico de convenios |
| - Implantación do Observatorio de Transparencia |
| - Habilitación do formulario de satisfacción do Portal de Transparencia |
| - Xestión estandarizada das SAIP |
| - Guía rápida de envío de información ao Portal de Transparencia |
| - Posta en funcionamento do Portal de datos abertos |
| - Implantación do sistema de accesibilidade web multifuncional nas webs municipais |
| - Introdución nos contratos municipais de cláusulas éticas de obrigado cumprimento |
| - Creación da sección "Últimos datos actualizados" |

Estas prácticas caracterízanse por presentar unha dobre vertente, unha enfocada aos beneficios en termos de eficacia e eficiencia xa que todas teñen en común a procura da automatización, simplificación e estandarización dos procesos, e outra como instrumentos para conseguir unha maior transparencia na xestión, establecendo unha intensidade superior en relación coas esixencias derivadas dos indicadores legalmente establecidos.

## CATÁLOGO BOAS PRÁCTICAS MUNICIPAIS

**Transparencia no control xudicial da actividade municipal**, aportando unha maior seguridade xurídica sobre a mesma.
Ver ficha boa práctica

**Publicación automatizada e actualizada dos contratos menores**, incrementando os niveis de transparencia na contratación menor en relación ao período de actualización establecido legalmente.
Ver ficha boa práctica

**Acceso electrónico inmediato aos expedientes da Xunta de Goberno Local polos membros da Corporación**, reducindo as cargas administrativas e mellorando as condicións no acceso á información.
Ver ficha boa práctica

**Fichas técnicas de indicadores de transparencia**, como instrumento de garantía e subministro da información publicada no Portal de Transparencia.
Ver ficha boa práctica

**Posta en funcionamento do rexistro electrónico de convenios**, como ferramenta de publicidade e transparencia dos convenios.
Ver ficha boa práctica

**Observatorio de transparencia**, con datos específicos sobre os accesos ao Portal de Transparencia e ás distintas categorías de datos do mesmo.
Ver ficha boa práctica

**Formulario de satisfacción del Portal de Transparencia**, como medida de seguimento e avaliación do mesmo.
Ver ficha boa práctica

**Estandarización tramitación interna solicitudes de acceso á información pública**, co obxectivo de establecer un procedemento eficaz e áxil.
Ver ficha boa práctica

**Guía rápida de envío de información ao Portal de Transparencia**, a modo de manual básico y formativo de este procedemento co fin de axilizar e consolidar a publicidade activa de contidos na organización.
Ver ficha boa práctica

**Portal de datos abertos municipal,** a modo de manual básico y formativo de este procedemento co fin de axilizar e consolidar a publicidade activa de contidos na organización.
Ver ficha boa práctica

**Implantación dun sistema de accesibilidade web multifuncional nas webs municipais,**a modo de manual básico y formativo de este procedemento co fin de axilizar e consolidar a publicidade activa de contidos na organización.
Ver ficha boa práctica

**Introdución nos contratos municipais de cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas,** a modo de manual básico y formativo de este procedemento co fin de axilizar e consolidar a publicidade activa de contidos na organización.
Ver ficha boa práctica

**Creación apartado últimos datos actualizados,** como medida de impulso da difusión do contido do Portal de transparencia e simplificación do seu acceso por parte da cidadanía.
Ver ficha boa práctica


TRANSPARENCIA

Boas prácticas municipais

Neste apartado pódense atopar as Boas prácticas municipais do Concello de Vigo en materia de transparencia e bo goberno, desenvolvidas no marco das políticas públicas en execución do "Código de Buen Gobierno Local" subscrito polo Concello de Vigo, mediante acordo plenario de data 30/11/2015, e incorporadas ao "Banco de Buenas Prácticas" recoñecidas pola "Red de Entidades Locales por la Transparencia y la Participación Ciudadana" da FEMP, e o enlace á ficha correspondente.

RED DE ENTIDADES LOCALES POR LA TRANSPARENCIA Y PARTICIPACIÓN CIUDADANA

Creación apartado últimos datos actualizados, como medida de impulso da difusión do contido do Portal de transparencia e simplificación do seu acceso por parte da cidadanía.

- Ver ficha de boa práctica da rede de entidades locais pola transparencia e a participación cidadá.

Introdución nos contratos municipais de cláusulas éticas de obrigado cumprimento para os contratistas, como instrumento para fortalecer a política de loita contra o fraude e a corrupción na actividade municipal.

- Ver ficha de boa práctica da rede de entidades locais pola transparencia e a participación cidadá.

Implantación dun sistema de accesibilidade web multifuncional nas webs municipais, como medida de mellora da accesibilidade á información por parte da cidadanía de forma xeral e con especial atención aos colectivos desfavorecidos.

- Ver ficha de boa práctica da rede de entidades locais pola transparencia e a participación cidadá.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado

## 3.2 Plan de integridade na contratación

O Concello de Vigo conta cunha dilatada traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en materia de transparencia e integridade, materias estas que son obxecto de reforzo tras a aprobación da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno e, como pode verse, cos excelentes resultados obtidos nas sucesivas avaliacións realizadas por " *Transparencia Internacional España, non Índice de Transparencia de Concellos (ITA)"*.

Na execución destas políticas públicas, o Concello de Vigo foi adoptando diversos acordos e implementando mecanismos de distinta natureza para garantir o dereito dos cidadáns a unha boa administración:

**a)** O Pleno acordou a incorporación do Concello á Rede de Municipios pola Transparencia e a Participación Cidadá da FEMP en sesión de data 30.03.2015.

**b)** O Pleno adheriuse ao Código de Bo Goberno Local da FEMP en sesión de data 30.11.2015.

**c)** A Xunta de Goberno Local dispón dunha Circular de Cumprimento Normativo segundo a cal non aproba ningún expediente que non supere os controis xurídicos e de fiscalización interna, xa que tal e como recolle a Circular 1/2015, de 13 de maio, da Secretaría de Goberno local e da Intervención Municipal e da Asesoría Xurídica de Vigo, os expedientes que non conten con devanditos informes favorables non se considerarán concluídos e non se incluirán na orde do día.

**d)** Leváronse a cabo experiencias colaborativas no ámbito da transparencia e a transformación dixital, cuxos informes inclúen as accións realizadas, que aparecen no portal de transparencia.

**e)** A Xunta de Goberno Local aprobou o Plan de Avaliación e Seguimento da Transparencia e o Bo Goberno, que conta cunha batería de indicadores relativos á actividade contractual.

**f)** O procedemento de contratación é integramente dixital e conta co soporte das normas técnicas do Esquema Nacional de Seguridade e Interoperabilidade aprobados. Os procedementos administrativos, incluído o expediente de contratación, tramítanse a través dunha aplicación de desenvolvemento propio, "Xestión de Expedientes".

**g)** A transparencia é un dos valores institucionais compartidos. O Concello sométese periodicamente a avaliacións voluntarias realizadas por Transparencia Internacional (IT) obtendo unha alta cualificación nos índices de transparencia dos Concellos (ITA). No ITA 2017 liderou a clasificación de cidades galegas cun global de 98,8 sobre 100 (100 sobre 100 en contratación).

**h)** A estrutura do goberno municipal conta cunha Concellaría que ten especificamente delegadas as competencias en materia de transparencia, bo goberno e Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS).

**i)** Con motivo da EDUSI, a Xunta de Goberno Local comprometeuse cos "principios de integridade, obxectividade e honestidade" ao adherirse á "Declaración Institucional en Antifraude" da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. E tamén aprobou un

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

“Manual de Procedementos”, creando un Comité Antifraude que avaliou os riscos e propuxo medidas que foron xeneralizadas a toda a contratación (declaración de ausencia de conflito de interese na mesa de contratación, declaración de neutralidade técnica).

A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ha recoñecido a integridade como principio da contratación pública que ha de contribuír a previr os conflitos de intereses e loitar contra a corrupción. Este principio manifféstase a través de distintos mecanismos que perseguen incrementar a transparencia pública; fomentar a boa xestión da contratación pública; previr, detectar e solucionar os conflitos de intereses, e controlar a conduta de cargos e empregados públicos no desenvolvemento da contratación pública. Ademais, a transparencia favorece a integridade e contribúe á loita contra a corrupción nas Administracións públicas,

Neste senso a Xunta de Goberno Local de data de 22/11/2018 acordou iniciar os traballos para a elaboración do Plan de Integridade nas Compras e constituír un Comité Técnico, integrado polos responsables de Contratación, Administración Electrónica, Contabilidade e Orzamento; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica.

A preocupación pola mellora continua en materia de contratación denótase tanto en decisións macro como micro, como o demostran decisións de simplificación e redución de cargas administrativas na procura dunha maior axilidade na xestión como é a delegación de os acordos de clasificación en a concellaría delegada de Contratación, así como a contratación menor nas respectivas Concellarías delegadas nos seus ámbitos de competencias. Así mesmo, coa delegación da Xunta de Goberno Local na concellaría delegada de Contratación da proposta da programación da contratación a través do Plan Anual no sistema de delegación.

En relación ao progreso das actuacións en materia de transparencia e integridade, desde a constitución do Comité Técnico do Plan de Integridade nas Contratacións Públicas procedeuse a examinar o novo marco legal en materia de contratación pública desde a perspectiva da integridade, así como as boas prácticas que se poden adoptar na liña da mellora continua, concluíndo a necesidade de aprobar un marco estratéxico do Plan de Integridade que permita, por unha banda, ter as liñas e obxectivos estratéxicos aprobados polo órgano de contratación e, por outro, definir un campo de actuación eficiente e dinámico para a súa execución a través dos obxectivos operativos, formulando á Concellaría delegada en materia de contratación a adopción do acordo respectivo.

En base a esta proposta a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 12 de decembro de 2019, acordou: Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade con a proposta elaborada por o Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería delegada de Contratación.

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado




O desenvolvemento operativo do Plan de Integridade aprobouse por resolución da Concelleira delegada de Contratación por resolución de data 17/12/2019. En execución do Plan de Integridade da Contratación do Concello de Vigo adoptáronse diversas medidas que poden consultarse en https://transparencia.vigo.org/?idt=plan_integr_contrata&lang=ga entre as que se atopan as seguintes:

a) O Concello conta cun procedemento para a tramitación dos conflitos de intereses en materia de contratación pública aprobado por resolución da Concellaría de 27 de setembro de 2021, conforme co desenvolvemento do Plan de Integridade: "Acción b do Obxectivo Operativo 3.2.1 "Construír unha Instrución Xeral de contratación" do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar la integridade nos procesos", 3.2 "Facilitar os procedementos".

b) O Plan de Integridade da contratación, tamén preveu dúas medidas que transcenden o ámbito da contratación pública e que resultan aplicables ao conxunto das materias e accións propias do Concello:

- A Declaración de Integridade Institucional por acordo da Xunta do Goberno local do 12/03/2021 (expediente 728/1102)
- A aprobación do Código de Conduta por acordo da Xunta do Goberno local do 01/04/2022 (expediente 729/1102)

c) Facilitouse á organización unha guía de preparación dos contratos aprobado por resolución da concellaría de 21 de xaneiro de 2022, en execución da "acción C "Depurar e actualizar las Instrucións actuais" do Obxectivo Operativo 3.2.1 "Construír unha Instrución Xeral de contratación" do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", 3.2 "Facilitar os procedementos".

c) Igualmente, pola anterior resolución, incluíuse a obrigación de subscribir por parte dos redactores dos pregos de prescricións técnicas a declaración de neutralidade técnica segundo o modelo aprobado.

d) A Xunta de Goberno Local de data 10 de decembro de 2021, aprobou a instrución 1/2021 sobre contratos menores no Concello de Vigo, os seus Organismos Autónomos e entidades do sector público municipal, que se incorpora, en cumprimento do disposto no Plan de Integridade na Contratación (PIC), aprobado por convenio da Xunta de Goberno Local do 12/12/2019, Liña Estratéxica, 3: "Racionalizar e fortalecer a integridade nos procesos", contempla o obxectivo estratéxico 3.2. "Facilitar Trámites", Obxectivo Operativo 3.2.1. "Construír unha Instrución Xeral de Contratación".

e) O Plan de Integridade da Contratación previa un Comité de Integridade e a creación dunha canle interna de denuncias en materia de contratación:

- Resolución da Concelleira delegada de contratación patrimonio e xestión municipal de 26/11/2020, de aprobación do Comité de Integridade Contractual (expediente 6551-241), modificado por acordo da Xunta do Goberno local do 13/01/2022 (expediente 6696/241).
- Creación da canle de alertas en materia de contratación, por acordo da Xunta do Goberno local do 13/01/2022 (expediente 6695/241).

Como medida de desenvolvemento do Plan de Integridade na Contratación, para materializar o Obxectivo Operativo 4.1.1. "Programar a contratación procurando a súa mellora global", incluído no Obxectivo Estratéxico 4.1 "Potenciar a planificación e a mellora continua", e dando resposta ao mandato legal recollido no artigo 28.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de planificación da contratación, a cuxos efectos se formula esta proposta, a Xunta de Goberno Local en sesións ordinarias de datas 30.12.2020 e 13.01.2022 aprobou a Planificación da Contratación municipal para os anos 2021 e 2022, respectivamente.


TRANSPARENCIA

10.1 Planificación estratéxica

126. Plans e Programas

Planificación da contratación do Concello de Vigo do ano 2022
*Aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 13/01/2022.*
*Actualización (13/01/2023)*

Planificación da contratación do Concello de Vigo do ano 2021
*Aprobada por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 30/12/2020.*
*Actualización (13/01/2022)*

## 3.3 Plan Antifraude

Con motivo da Estratexia do Desenvolvemento Urbano Sustentable Integrado (EDUSI), a Xunta de Goberno Local comprometeuse cos "principios de integridade, obxectividade e honestidade" ao adherirse á "Declaración Institucional en Antifraude" da Dirección Xeral de Fondos Comunitarios. E tamén aprobou un "Manual de Procedementos", creando un Comité Antifraude que avaliou os riscos e propuxo medidas que foron xeneralizadas a toda a contratación (declaración de ausencia de conflito de interese na mesa de contratación, declaración de neutralidade técnica).

O Plan Antifraude redactouse ao abeiro do artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en adiante, MRR) polo que se

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 20/12/2023 08:46 | Páxina 33 de 35 |
|---|---|---|
| 1415-1102 | CSV: A2A23F-EAE988-41E3E1-ZSRMFF-PV48G1-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

impoñen as obrigas aos estados membros como beneficiarios do MRR en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión. Para facer efectivo o cumprimento de ditas obrigas a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no seu artigo 6 determina que toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do PRTR deberá dispoñer dun «Plan de medidas antifraude» que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses.

En base a todo o proceso desenvolto no Plan de integridade na contratación e tendo en conta as peculiaridades da Orde HFP/1030/2021, dende a Coordinación técnica do Programa Municipal para os proxectos financiados con fondos do PRTR e coa colaboración do Comité técnico de Programa Municipal Fondos PRTR, procedeuse a conformar documentalmente o Plan de medidas antifraude, e aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 11 de marzo de 2022.

Por acordo da Xunta de Goberno local na súa sesión ordinaria data 18 de novembro de 2022, aprobouse a revisión do PLAN DE ACCIÓN contido no PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, que se corresponde co contido da acta do 14 de novembro de 2022 do comité de autoavaliación do programa municipal de coordinación, planificación, seguimento e avaliación dos proxectos financiados con Fondos do PRTR- programa financiado pola Unión Europea -Next GenerationUE.

O «Plan de medidas antifraude» é de aplicación á totalidade das empregadas e empregados públicos que desempeñan as súas funcións no Concello de Vigo.

De forma xeral aplícase ao ámbito xeral dos servizos que presta o Concello de Vigo en relación ás tarefas de xestión, seguimento, control e pago de todos os procedementos administrativas que os vinculen, e de forma específica, a todos os expedientes que se desenvolvan financiados co Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia, a través dos fondos Next Generatión EU, sobre os cales o Concello de Vigo teña a responsabilidade de entidade executora.

Así mesmo, as medidas do Plan son aplicables, co grao de obrigatoriedade correspondente, ás entidades e persoas beneficiarias privadas, socios, contratistas e subcontratistas, que resulten perceptores ou cuxas actuacións sexan financiadas con fondos provenientes destas actuacións.

Toda a documentación relativa ao Plan Antifraude atópase publicada na páxina web municipal **https://hoxe.vigo.org/conecenos/prtr_antifraude.php?lang=gal**



O contido integro da documentación que complementa o PLAN DE MEDIDAS ANTIFRAUDE do Concello de Vigo, e que se corresponde co acordo da comisión de autoavaliación de data 8 de marzo de 2022, e aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en sesión do 11 de marzo de 2022.

- Plan de medidas antifraude no marco da orde HFP/1030/2021 pola que se configura o sistema de xestión do plan de recuperación, transformación e resiliencia. financiado pola Unión Europea - nextgeneration EU (PDF).
- Acordo da Xunta de Goberno Local
- Canle de alertas
- Buzón de denuncias antifraude do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude
- Acta da revisión do "plan de acción" derivado do mapa de riscos do "Plan de medidas antifraude"
- Acordo da XGL da revisión do "plan de acción" do "Plan de medidas Antifraude"

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42
Documento asinado

ASINADO POR: SECRETARIA DE GOBERNO LOCAL - ( SUSANA GALLARDO FARIÑA ) 19/12/2023 09:26:04 | CONC. AREA SEGURIDADE CONTRATACION FESTAS E XESTION MUNICIPAL - ( PATRICIA RODRÍGUEZ CALVIÑO ) 19/12/2023 09:27:42

Documento asinado

## 4. CONCLUSIÓNS

Da análise e exposición do desenvolvemento das políticas municipais en materia de transparencia e bo goberno durante os anos 2021 e 2022, pódense formular unha serie de conclusións, destacando, en particular:

- O mantemento das obrigas de publicidade activa durante os exercicios 2021 e 2022.
- A centralización da tramitación e resolución das solicitudes de información pública na Secretaría de Goberno local, e a creación dun formulario e apartado específicos na sede electrónica municipal.
- Recoñecemento de boas prácticas municipais a 13 liñas de acción das políticas públicas en materia de transparencia.
- Aprobación do plan de integridade na contratación
- Aprobación do Plan de medidas Antifraude.

IFV

Vigo, na data de sinatura dixital.

A Secretaria de Goberno Local – Susana Gallardo Fariña.

Conforme, a Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal - Patricia Rodríguez Calviño.

*(Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2023 e 20.06.2023, BOP no 129 de data 05.07.2023 e 28.06.2023).*